

INSTRUCCIÓN PARA AUTODECLARACIÓN DO COMEDOR CURSO 24-25

Alumnado exento de facer a autodeclaración. Estarán exentos de facer a autodeclaración o alumnado que se atope nas seguintes circunstancias:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

As familias de alumnado nalguna destas situacións deberán enviar a documentación que o acredite ao correo electrónico do centro. ceip.mestre.ramiro@edu.xunta.gal

COUSAS A TER EN CONTA AO FACER A AUTODECLARACIÓN:

- Usaremos a renda do exercicio 2023.
- Teremos en conta os datos da unidade familiar a 31 de decembro de 2023. (As separacións matrimoniais ou nacementos de irmáns/as no 2024 non se terán en conta).
- En caso de matrimonio, parella de feito, ou separación legal en réxime de custodia compartida, computaranse os ingresos de ambos proxenitores, e a unidade familiar formarana os dous proxenitores e tódolos fillos menores de 18 anos (ou os maiores de 18 incapacitados legalmente).

Aos efectos de facilitar ás familias o cálculo do importe das tarifas polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>.

COMO CALCULAMOS A RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA?

A **renda neta per cápita familiar** obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base a declaración da **renda do exercicio 2023**

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595} = X$$

Esta operación farase para cada unha das rendas presentadas polos membros da unidade familiar e sumarase o resultado obtido en cada unha delas.

O total desa suma (cantidade chamada X) dividirase entre os membros computables da unidade familiar (chamado Y na autodeclaración).

Haberá dúas formas de facer a autodeclaración:

1. A través dun formulario en liña na seguinte ligazón: [F. AUTODECLARACIÓN](#) .
Recibirán un correo cos datos que cubran en dito formulario, a modo de xustificante.
2. Cubrindo o pdf editable na seguinte ligazón: [PDF EDITABLE](#) e enviando ao seguinte correo electrónico ceip.mestre.ramiro@edu.xunta.gal

A DATA LÍMITE PARA A ENTREGA DAS AUTODECLARACIÓN É O 1 DE SETEMBRO DE 2024. Todas as familias que non entreguen a documentación antes da data límite, asignaráselle por defecto a contía máxima de 4,50 euros por día.